



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FENE

Secretaría

Lista definitiva técnico/a auxiliar de biblioteca (OEP 2022)

ANUNCIO

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 306/2026, de data 06.03.2026, aprobouse a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas cuxo texto íntegro se cita a continuación:

Asunto: LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, EN QUENDA RESERVADA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE, MEDIANTE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, DUNHA VACANTE DE TÉCNICO/A AUXILIAR DE BIBLIOTECA, CORRESPONDENTE A OEP DO CONCELLO DE FENE DO ANO 2022

Expediente: 2025/E001/000005; 2025/G003/001057; 2026/G003/000305

Na Xunta de Goberno Local do 12.06.2025 acordouse aprobar as bases e convocatoria do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre e mediante persoal funcionario de carreira, dunha vacante de técnico/a auxiliar de biblioteca (reservada a persoas con discapacidade). Esta praza foi incluída na oferta de emprego público (OEP) do Concello de Fene do ano 2022 (BOP núm.244, do 27.12.2022)

As bases específicas reguladoras da convocatoria e proceso selectivo publicáronse integramente no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 117 do 20.06.2025. Así mesmo, inseriuse un anuncio desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* (DOGA núm. 139 do 22.07.2025), e no *Boletín Oficial do Estado* (BOE núm. 183 do 31.07.2025) Este último anuncio supuxo o inicio do prazo de presentación de instancias de participación no proceso selectivo, que finalizou o día 20.08.2025.

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 1091/2025 do 04.09.2025 aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas (publicada no BOP núm. 173 do 11.09.2025) outorgándose un prazo de dez (10) días hábiles para emendas e alegacións, prazo que rematou o 25.09.2025.

Durante dito prazo presentaron alegacións:

- O día 12.09.2025 Carmen María García Infante, que estaba excluída por non achegar a titulación esixida ao achegar certificado provisional de titulación do ano 2021, achega copia da titulación esixida.
- O día 19.09.2025 Eduardo Fernández Peral, que estaba excluído por non achegar o reverso da titulación e por non achegar certificado de discapacidade en grao igual ou superior ao 33% emitido polo órgano competente, achega o reverso da titulación esixida e certificado do grao de discapacidade.
- O día 11.09.2025 María Verónica López Mosquera, que estaba excluída por non achegar o anexo I, a titulación esixida nin o certificado da discapacidade en grao igual ou superior ao 33% emitido polo órgano competente, achega o anexo I e a titulación esixida, achega o anexo I cumprimentado, a titulación esixida e un xustificante de presentación de documentación na Consellería de Política Social e Igualdade.
- O día 11.09.2025 Natalia Carolina Casal Velázquez, que estaba excluída por non achegar o reverso da titulación, achega o reverso da titulación.

Así mesmo, por xa constar no asento de rexistro o título de CELGA IV, de oficio declárase a Marta Barros Carnero exenta de realizar o exame de galego.

A vista do que antecede, consonte ao disposto nas bases reguladoras do proceso de selección e de conformidade coa normativa vixente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aceptar as emendas presentadas no prazo conferido para o efecto por Carmen María García Infante, Natalia Carolina Casal Velázquez e Eduardo Fernández Peral, declarando a súa admisión.

SEGUNDO.- Aceptar parcialmente a emenda de María Verónica López Mosquera, por achegar o anexo I cumprimentado, a titulación esixida, máis non o certificado de discapacidade en grao igual ou superior ao 33% emitido polo órgano competente, declarándoa excluída.

TERCEIRO.- Aprobar a lista definitiva de persoas admitidas que se relaciona a continuación:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI NÚM.	CELGA 4 ou equivalente	OBSERVACIÓNS
1.	Barros Carnero, Marta	***5147**	Sí	
2.	Becerra Ríos, Laura	***0266**	Sí	
3.	Cabrero Seijo, Lidia	***9616**	Sí	Solicita adaptación
4.	Casal Velázquez, Natalia Carolina	***1393**	Sí	
5.	Fernández Peral, Eduardo	***8430**	Sí	
6.	Freire Zaragoza, Verónica	***1389**	Sí	
7.	García Infante, Carmen María	***4381**	Sí	
8.	Martínez Casteleiro, Sara	***9996**	Sí	Solicita adaptación

CUARTO.- Aprobar a lista definitiva de persoas excluídas que se relaciona a continuación:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI NÚM.	MOTIVO EXCLUSIÓN	CELGA 4 ou equivalente	OBSERVACIÓNS
1.	Boado Saavedra, María Encina	***9132**	6	Sí	Solicitud presentada fóra de prazo.
2.	Camoiras Rodríguez, Patricia	***0675**	1	Sí	Falta anexo I.
3.	Díaz Álvarez, Fátima	***113**	1, 2 e 5	Non (Achea CELGA 3)	Achea instancia consonte anexo I doutro proceso selectivo (conserve). Non achega titulación (achea título da Educación Secundaria Obligatoria). Non achega certificado da discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento emitido polo órgano competente.
4.	Fernández Flórez, Verónica	***8982**	5	Sí	Non achega certificado da discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento emitido polo órgano competente.
5.	García Montero, Daniel	***9801**	1,2,4 e 5	Non (Achea CELGA 3)	Non achega anexo I (achea instancia de proceso selectivo de conserve). Falta reverso da titulación de Formación Profesional. Non achega certificado da discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento emitido polo órgano competente.
6.	González Romero, Carla	***1939**	5	Sí	Non achega certificado discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento emitido polo órgano competente.
7.	Lara Pintor, Patricia María	***7210**	1, 2 e 5	Sí	Non achega anexo I. Falta reverso da titulación. O anverso está incompleto. Non achega certificado da discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento emitido polo órgano competente.
8.	López Mosquera, M ^a . Verónica	***9081**	5	Sí	Non achega certificado da discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento emitido polo órgano competente.
9.	Prado Romero, Ainoa	***3286**	2 e 5	Sí	Solicita adaptación. Falta reverso da titulación. Non achega certificado da discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento emitido polo órgano competente (achea ditame-proposta).
10.	Rey Cabrejo, Belén	***0735**	2 e 5	Sí	Achea xustificante de titulacións, o cal non reúne os requisitos establecidos nas bases reguladoras. Non achega certificado da discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento emitido polo órgano competente.
11.	Rey Pereira, Antía	***9507**	2,5	Sí	Achea historial académico, o cal non reúne os requisitos previstos no apartado cinco das bases reguladoras. Non achega certificado da discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento emitido polo órgano competente.
12.	Yañez Neira, M ^a Vanesa	***9249**	2,5	Sí	Achea certificación académica, a cal non reúne os requisitos previstos no apartado cinco das bases reguladoras. Non achega certificado da discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento emitido polo órgano competente.

Motivo da exclusión:

- 1.- Non achega ou cumprimenta debidamente o Anexo I.*
- 2.- Non achega a titulación esixida, ou está incompleta.*
- 3.- Non achega copia do DNI, pasaporte ou equivalente lexible por ambas caras ou está caducado.*
- 4.- Non achega CELGA 4 ou equivalente.*
- 5.- Non achega certificado da discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento emitido polo órgano competente.*
- 6.- Solicitude presentada fóra de prazo.*

QUINTO.- Designar como membros do tribunal, titular e suplentes, que xulgarán o proceso selectivo referido aos/ás seguintes funcionarios/as, comunicándolles que o réxime de abstención e recusación fronte á designación do tribunal é o previsto nos artigos 23 e 24 da LRXSP (Lei 40/2015):

PRESIDENTE/A

TITULAR: Ana Belén Suárez Sánchez, axudante de arquivo e Biblioteca da Deputación Provincial da Coruña

SUPLENTE: María Teresa Diz Alonso, interventora do Concello de Fene

VOGAIS:

TITULAR: María Lema Santabaya, axudante de arquivo e Biblioteca da Deputación Provincial da Coruña

SUPLENTE: Francisco Javier Varela Vila, administrador de instalacións deportivas do Concello de Fene

TITULAR: Jorge Manuel Vidal Zapatero, tesoureiro do Concello da Laracha

SUPLENTE: María Isabel Buján Bernárdez, arquivista-bibliotecaria do Concello de Culleredo

TITULAR: José Manuel Aneiros Landrove, administrativo do Concello de Fene.

SUPLENTE: Marco Antonio Blanco Cachaza, policía local do Concello de Fene

SECRETARIO/A

TITULAR: Estefanía Manteiga Lamas, secretaria do Concello de Fene

SUPLENTE: Manuel Larrosa Rodríguez, secretario do Concello de Ares

SEXTO: Convocar ao tribunal á súa sesión constitutiva que terá lugar o día 16.03.2026 ás 10:00 h en sesión telemática.

SÉTIMO: Notificar esta resolución ao tribunal designado.

OITAVO: Publicar esta resolución no BOP da Coruña, no taboleiro de anuncios e na páxina web municipais, con indicación de que fronte a ela poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a xurisdición contencioso-administrativa, contados a partir do seguinte ao da súa publicación.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Sra. alcaldesa Alejandra Permuy Meizoso, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente o 09.03.2026 pola Sra. alcaldesa Alejandra Permuy Meizoso.

2026/1450